

Tema 3. AS TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS

1. A NOVA SOCIEDADE DE CLASES

1.1. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN SOCIAL

- S. XIX: Crecemento constante das cidades ⇒ Focos de desenvolvemento económico e industrial.
- División en barrios segundo o nivel económico → Diferenzas: servizos, calidade da edificación, hixiene, etc.
- Sociedade de clase ⇒ Ascenso social por riqueza, cultura, mérito persoal, valía intelectual.
- Extensión relativa da industrialización polos distintos territorios, diferenciándose:
 - Sociedades rurais tradicionais → Case sen cambios.
 - Zonas de escasa industrialización (España, Portugal, Italia).
 - Poder económico dos terratenentes agrarios (nobreza, burguesía).
 - Traballo de xornaleiros e campesiños.
 - Sociedades rurais evolucionadas → Agricultura de mercado, tecnificada e produtiva (Inglaterra).
 - Sociedades urbanas → Zonas desenvolvidas e industrializadas destino do éxodo rural.
 - Grupos da sociedade de clases: burguesía industrial, clases medias e proletariado.

1.2. DOMINIO SOCIAL DA BURGUESÍA

- A burguesía do XIX non substitúe aos grupos de poder tradicionais → aspira a integrarse na órbita aristocrática.
- Papel crecente ao ritmo dos cambios económicos, sociais e políticos ⇒ DOMINIO BURGUES no XIX.
- Grupo heteroxéneo:
 - ♦ Burguesía de negocios: grandes comerciantes, industriais e banqueiros.
 - ↳ 1ª Revolución Industrial: unión capital empresarial máis xestión.
 - ↳ 2ª Revolución Industrial: diferenza entre capital e xestión empresarial.
 - ♦ Burguesía agraria → Compra terras desamortizadas ⇒ Agricultura de mercado.
 - Progresiva substitución dos campesiños arrendatarios por xornaleiros.
 - ♦ Burguesía con formación: funcionarios, científicos, profesións liberais.
 - Ocupa postos na administración do Estado e nas empresas.
- Familia nuclear e reforzamento da autoridade paterna.
- Reparto igualitario da herencia entre os fillos.
- Barrios acomodados ⇒ Primeiros proxectos de planificación urbana.
- Modelo aristocrático: compra de mansións rústicas, balnearios, veraneo en praias, temporadas de teatro e ópera.
- Clubes e sociedades recreativas propias.
- Opinión burguesa ⇒ Prensa de escasa difusión e cara para as clases medias e o proletariado.
- Ensino superior reservado ás clases altas.
- Endogamia dentro da burguesía → Exemplo da nobreza.
- Contraste crecente coas masas ⇒ Foco de conflictividade social.

1.2.1. Dominio económico

- Propiedade da maior parte do capital ⇒ Investimentos en industria, comercio, finanzas.
 - ↳ Reinvestimento de beneficios.
- Control dos mecanismos de mercado ⇒ Manufacturas distribuídas por redes comerciais controladas por capital burgués.
 - ↳ Ampliación dos mercados ⇒ Aumento do radio de acción e dos ingresos.
- Beneficiaria dos rendementos do traballo dos asalariados ⇒ Apropiación do traballo non pagado.

1.2.2. Dominio político-ideolóxico

- Participación burguesa nas revolucións do XIX ⇒ Nova orde favorable aos intereses burgueses.
- Obxectivo: controlar os mecanismos do Estado.
 - ↳ Medidas propostas polo liberalismo favorables aos intereses burgueses:
- ✱ Liberdade → Dereito natural do home pero beneficia aos burgueses:
 - Liberdade de contratación laboral.
 - Liberdade de produción e comercio.
 - O Estado non intervéen en asuntos económicos.
- ✱ Igualdade → Acceso a cargos públicos segundo a capacidade.
 - Fin dos privilexios fiscais ⇒ A burguesía consegue que os nobres paguen.
- ✱ Propiedade → Dereito natural.
 - Características:
 - libre (pode ser obxecto de comercio).
 - individual (titulares: persoas físicas/non xurídicas: Estado, Igrexa).
 - absoluta (o propietario dispón dos seus bens con total liberdade).

1.3. NACEMENTO DO PROLETARIADO

➤ EXTENSIÓN DO TRABALLO ASALARIADO

- 1ª Revolución Industrial ⇒ Xeralización do traballo asalariado (*putting out system* → talleres urbanos → fábricas).
- Fin S.XIX ⇒ 3 cambios:
 - 1) Difusión da industrialización a todos os continentes e aparición de novos focos industriais: EEUU, Xapón.
 - 2) Crecemento do proletariado fabril: siderurxia, química pesada.
 - 3) Crecemento da administración pública, expansión dos bancos e actividades comerciais.

➤ O SALARIO

- Pago segundo a cantidade de bens producidos → *putting out system*.
- Pago segundo as horas traballadas → Fábrica ⇒ disciplina laboral.
- Formas de pago: → en metálico.
 - *truck system*: o empresario suministra aos traballadores os bens de consumo (prezos máis caros).
- Variacións do salario segundo: categoría profesional, xénero e idade.

➤ CONDICIÓN DE TRABALLO

- Introducción da “economía do tempo” → regularidade mecanizada dos tempos de traballo para coordinar as distintas fases de produción no sistema fabril e os ritmos de traballo impostos polas máquinas.
- 1ª Revolución Industrial → Emprego de nenos e mulleres (técnica e minería sobre todo).
 - ↳ Salario inferior ao dos homes e disciplina e intensidade similar.

- 2ª ½ S.XIX → Lexislación que prohibe o traballo infantil.
- Problemas de saúde: uso de materiais nocivos, ambientes prexudiciais, sobreexercicio.

➤ CONDICIÓN E NIVEIS DE VIDA

- Presuposto familiar ⇒ salario de homes e mulleres.
- Escasa capacidade adquisitiva dos traballadores na 1ª Revolución Industrial (¾ para alimentación).
 - ↳ Crise ⇒ Subconsumo das familias traballadoras.
- O *truck system* agravaba a situación porque os prezos son maiores aos do mercado.
- Recurso da compra a crédito → perigoso e gravoso.
- Aumento da poboación urbana ⇒ CIDADE INDUSTRIAL: → Centro para actividades comerciais e administrativas.
 - Aneis de núcleos industriais en antigos núcleos rurais.
 - ⇒ Caótico crecemento das cidades → falta de planificación urbana.
 - Especulación no negocio da construción.
 - Falta de servizos urbanos.
 - Escaseza de vivendas → alugueres altos.
 - Concentración de moitas persoas en pouco espazo.

- Difusión de enfermidades infecciosas.
- Menor esperanza de vida dos obreiros.

- 2ª ½ XIX → Mellora notable do nivel de vida da poboación obreira.

➤ SOCIABILIDADE DA CLASE TRABALLADORA

- Creación das comunidades obreiras:
 - Redes de axuda.
 - Formas asociativas: coros, sociedades deportivas, etc.
 - División por oficios.
- Fin XIX → Consecución da “semana inglesa”: fin de semana libre que se adica ao ocio.
 - Modelo burgués: pasar días na costa.
 - Novos centros de diversión: cines, cabarets, salóns de baile.
 - Fútbol, rugby (deportes adoptados polos traballadores que aparecen nas elitistas *public schools*).

2. DESENVOLVEMENTO DO PROLETARIADO COMO CLASE

- Falta de lexislación sobre as condicións de vida e traballo do proletariado.
- 1833: Primeira lei en Gran Bretaña que limita a idade e a xornada laboral dos nenos.
- Loita lenta do proletariado para conseguir os seus dereitos.

2.1. MOVEMENTO MECANOCLASTA OU LUDISMO

- Reaccións violentas contra instalacións fabrís, materias primas e sobre todo contra as máquinas.
- Obxectivos
 - Evitar a contratación de man de obra non cualificada.
 - Manter os salarios.
 - Frear o proceso de mecanización.
- ↳ Defensa do status dos asalariados do *putting out system* fronte ás relacións económicas capitalistas.
- Accións
 - Peticións ao Parlamento → defensa das condicións de traballo tradicionais.
 - Motíns.
 - Ataque directo ao proceso de mecanización.
- Dura represión do goberno inglés.
- España ⇒ Alcoi, 1821 / Barcelona, 1835 / A Coruña, 1857 (fábrica de tabacos).

2.2. O MOVEMENTO CARTISTA (1838-1848)

- Movemento de traballadores dos oficios tradicionais e primeira organización colectiva de traballadores fabrís.
 - ↳ Extensa estrutura local e importante liderato nacional (escasamente vencellados).
 - ↳ Fráxil rede das agrupacións locais coas masas.
- Obxectivo ⇒ Recoñecemento dos dereitos políticos como medio para modificar e ampliar os dereitos sociais.
 - ↳ **6 PUNTOS DA CARTA**
 - 1) Sufraxio universal para maiores de 21 anos.
 - 2) Voto secreto.
 - 3) Non propietarios elixibles para o Parlamento.
 - 4) Soldo para os parlamentarios.
 - 5) Proporcionalidade representantes/poboación.
 - 6) Parlamentos anuais.
- Accións → Campañas de apoio ás reivindicacións da Carta (sinaturas).
 - Organización de folgas, revoltas e insurreccións como formas de presión.
- Primeiro movemento político-social de ámbito nacional protagonizado por traballadores que buscan no cambio político o camiño para as reivindicacións obreiras.

2.3. SINDICALISMO

- Unións de oficios para defender o sistema de aprendizaxe, salario e condicións tradicionais de traballo e produción.
- Financiación por contribucións regulares e coordinación por reunións de representantes.
- Ámbito local.
- Persecución gubernamental → forma de asociacións relixiosas, lúdicas ou asistenciais.
- Caixas de resistencia → Axuda aos traballadores en paro.
- Folga como medio de presión.
- Gran Bretaña
 - 1799: Sociedade de Tecedores de algodón (Lancashire).
 - 1824: Abolición das *Combination Laws* ⇒ aumento das unións obreiras.
 - 1830: Asociación Xeral para a Protección do Traballo (DOHERTY, OWEN).
 - 1851: Sociedade Unida (metal) ⇒ 1º sindicato moderno (ámbito nacional, inclúe diferentes oficios).
 - Década 1860: Novas unións ⇒ **Trade Unions Congress**.
 - Década 1870: Melloras de salarios, condicións de traballo e lexislativas.
 - 1874: Primeiros deputados sindicalistas no Parlamento inglés.
- Resto de Europa → Loitas para conseguir un sistema liberal.
 - España
 - 1839: Lei que permite as asociacións ⇒ primeiras sociedades obreiras por oficios.
 - 1840: Sociedade de Tecedores (Barcelona).
 - Fin década 1840: Béjar, Valencia, Madrid.
 - 2ª ½ XIX: Vencellamento do sindicalismo español ás Internacionais Obreiras.

3. PENSAMENTO SOCIALISTA E ANARQUISTA

3.1. SOCIALISMO UTÓPICO

- Fin XVIII ⇒ Influencia da Revolución Francesa: BABEUF (1795: Conspiración dos Iguais)
 - Defensa do igualitarismo social como medio para conseguir a felicidade colectiva.
 - ↳ Eliminar a propiedade privada.
 - ↳ Conspiración como táctica para lograr o obxectivo.
- Socialismo utópico ⇒ Non é un movemento homoxéneo pero hai puntos comúns:
 - ↳ Pensadores que condenan o Capitalismo por inxusto e ineficaz.
 - ↳ Propugnan unha nova organización social co obxectivo dunha sociedade xusta, igualitaria e solidaria.
 - ↳ Prefiren a evolución da sociedade á revolución, os métodos pacíficos aos violentos.
 - ↳ Predican a concordia e o entendemento como motores do cambio social.
 - ↳ Necesidade do convencemento e da aceptación da burguesía da necesidade de transformación social.

➤ SAINT SIMON (1760-1825)

- Necesidade de promover unha reorganización tecnocrática da produción industrial.
- Criterio social determinante ⇒ a *produción*: a sociedade industrial componse de todos os que participan en actividades produtivas, sexan propietarios ou non.
- A sociedade industrial debe prescindir dos grupos sociais non produtivos (nobreza, clero, burguesía rendista) e a clase de produtores debe facerse co goberno.

➤ FOURIER (1772-1837)

- Causas da pobreza e da explotación
 - A anarquía industrial.
 - Comercio parasitario.
 - Fragmentación da propiedade.

- Civilización burguesa = *estado social miserable* que leva á humanidade á infelicidade.
- Sociedade nova → As paixóns poderán expresarse e ser satisfeitas.
↳ *Estado de Harmonía Universal* (gobierno polas paixóns, non polas leis).
- Unidade social base ⇒ FALANXE (1620 individuos) e o **FALANSTERIO**.
 - ↳ Organización cooperativa da produción.
 - ↳ Adecuación do traballo ao carácter → Facer do traballo un pracer.
 - ↳ Participación nos beneficios segundo o capital, traballo e talento aportados.

➤ OWEN (1771-1858)

- Necesidade da labor rexeneradora da educación.
- Necesidade de transformar as condicións de traballo para acabar coa pobreza, a ignorancia e a explotación.
- Crea fábricas-cooperativas onde busca mellorar as condicións laborais.
- Defensa das pequenas comunidades (aldeas de cooperación) baseadas na axuda recíproca (New Lanark en Escocia, New Harmony en Indiana).
- Impulsa 3 instrumentos que serán base do movemento obreiro
 - o almacén cooperativo.
 - a bolsa de traballo.
 - as Trade Unions (orixe do sindicalismo moderno).

➤ BLANC (1811-1882)

- Partidario da intervención do Estado na sociedade e na economía para garantir a solidariedade e o benestar.
- Talleres Nacionais → Obxectivo: baixar o paro.
 - Investimento de beneficios:
 - a) Reparto igualitario entre os traballadores.
 - b) Manter anciáns, enfermos, inválidos.
 - c) Aliviar a crise noutras industrias.
 - d) Fondo para a adquisición de ferramentas e máquinas.

3.2. MARXISMO

- **MARX** (1818-1883) } ⇒ 1848: *Manifesto Comunista*:
- **ENGELS** (1820-1895) }
 - * Análise da Historia como proceso de explotación dunhas clases por outras.
 - * Capitalismo ⇒ resultado do desenvolvemento das forzas productivas que orixinan a aparición do proletariado.
 - * A clase obreira debe conquistar o poder para acabar coa súa explotación.
- **SOCIALISMO CIENTÍFICO** → O socialismo deixa de ser un sistema ideal e transfórmase nun método de análise científica das condicións existentes para lograr a transformación da sociedade por medio da loita contra a explotación burguesa do proletariado.

➤ MATERIALISMO HISTÓRICO: Interpretación económica da Historia.

- As condicións materiais son o factor determinante de todo tipo de ideas, e tamén de calquera formación social, política e económica.
- Interrelación seres humanos + natureza ⇒ Forma determinada de obter e producir bens, de organizar o traballo, de distribuír a propiedade e de repartir excedentes.

ESTRUTURA ECONÓMICA

- A estrutura económica condiciona a **SUPERESTRUTURA** político ideolóxica: institucións político-xurídicas vixentes e ideas predominantes.
- ESTADO: Institución máis importante da supestrutura política ⇒ Instrumento de coerción empregado pola clase dominante para manter os seus intereses e o seu dominio sobre as outras.
- A IDEOLOXÍA e os comportamentos sociais nunha sociedade son os da súa clase dominante, que xustifica como valores universais o que non son máis que intereses de clase.
- Estrutura económica + Superestruturas = **MODO DE PRODUCCIÓN**

↳ Ao longo da Hª sucédense

- | | |
|--------------|---------------|
| - depredador | - feudal |
| - asiático | - capitalista |
| - escravista | - socialista |

- Cambio na base económica ⇒ Cambio na superestruturas.

↳ Cambios polo desenvolvemento de novas forzas produtivas: cambios técnicos, aumento da poboación, novos sectores económicos.

↳ As novas forzas agudizan as **CONTRADICIÓNS INTERNAS** e a evidencia das desigualdades, o que levará á substitución dun modo de produción por outro (que a clase dominante tratará de impedir).

- O motor da Historia é a **LOITA DE CLASES**:

↳ Os acontecementos históricos están condicionados polas relacións entre as distintas clases sociais definidas pola posición que ocupan no proceso de produción.

↳ Enfrontamento continuo das clases nun proceso dialéctico provocado polas contradicións do sistema ⇒

Cada sociedade leva en si mesma a súa propia ruína segundo o esquema:

- 1) En toda sociedade existe un sistema defendido pola súa clase dominante (*tese* ou afirmación).
- 2) Sistema enfrontado ao da clase dominante (*antítese* ou negación).

- 3) Enfrontamento que rematará coa aparición dunha nova sociedade dominada pola clase vencedora (*síntese*).

↳ Modo de produção capitalista ⇒ 2 classes antagónicas:
 ↓
 - burgueses ou capitalistas (*tese*).
 - proletários (*antítese*).

Enfróntanse en 3 niveis:

- Económico → salarios, melloras sociais, horarios.
- Político → loita polo control do poder nos parlamentos ou gobernos.
- Ideolóxico → capitalismo/socialismo.

► As diferenzas provocarán o conflito, motor do cambio da sociedade ao rematar coas estruturas políticas de dominio vixentes.

► A loita de clases rematará cando o proletariado chegue á emancipación do dominio burgués e se estableza unha sociedade igualitaria ou comunista (*síntese*).

↳ Fin da H^a do ser humano ⇒ DESAPARICIÓN DAS CLASES, acelerada pola acción do proletariado:

- Intervención política.
- Creación de organizacións obreiras en defensa dos intereses do proletariado.
- Implantación transitoria da **DITADURA DO PROLETARIADO**:

↳ O proletariado toma o poder do Estado para desmontar o Estado burguês capitalista.

↳Acadado o obxectivo (sociedade igualitaria) o Estado ditatorial proletario autodisolverase.

→ **SOCIEDADE COMUNISTA** → Sociedade de completa igualdade entre todos os homes pola propiedade en común dos medios de produción.

→ A relación cos medios de produción xa colectivizados sería a mesma para todos os individuos.

→ Non existen situacións de dominio nin de dependencia $\Rightarrow$ Fin dos cambios na Historia.

➤ PLUSVALÍA

→ O valor dunha mercadoría depende da cantidade de traballo necesaria para facela.

→ O capitalista compra a força de trabalho do obreiro e a usa mais tempo do necessário para compensar o custo.

→ PLUSVALÍA: diferenza entre o prezo ao que compra a forza de traballo e o prezo ao que vende a mercadoría ⇒ Materialización dun traballo non pagado

→ Se o obreiro recibise o valor das mercadorías por el producidas non se comprendería o desenvolvemento do mo.

→ 1ª Revolución Industrial: salarios baixos e plusvalías altas ⇒ Rápida expansión do capitalismo, enriquecemento da burguesía por acumulación fácil de beneficios.

3.3. ANARQUISMO

- Negación da autoridade.
- Cooperación e axuda mutua nunha “sociedade natural” autorregulada.
- Obxectivo ⇒ Sociedade liberada de todo dominio autoritario ou poder ideolóxico (relixión, doutrinas políticas), político-xurídico (Estado, administración, réxime legal), económico (propiedade privada) ou social (clases).
- Necesidade dunha **revolución** espontánea das masas traballadoras e campesiñas contra o poder establecido para lograr unha sociedade anarquista.
- Distintos medios para a acción:
 - ✗ Educación das masas → potenciación de escolas laicas e racionalistas.
 - ✗ Actuación contra representantes do poder establecido mediante atentados terroristas → *propaganda dos feitos* ou *propaganda de acción*.
 - ✗ Creación de sindicatos que defenden a folga xeral como método de presión (Confederación Xeral do Traballo, Francia 1902; Confederación Nacional do Traballo, España 1910; Unión Sindical, Italia 1912).

➤ **PROUDHON** (1809-1865)

- A propriedade viola os direitos básicos do indivíduo: liberdade, igualdade e soberania.

↳ *A propiedade é un roubo* $\Rightarrow$ Critica o abuso de propiedade e obter beneficios a costa dos traballadores.

- Rexistamento da propiedade capitalista → *beneficio sen traballo* dunha minoría que obriga ao resto a realizar un traballo polo que son remunerados parcialmente.

- **ANARQUÍA** ⇒ Governo no que a consciencia pública e privada bastan para manter a orde e garantir as liberdades.

- Democracia mutualista e federativa $\Rightarrow$ Organización baseada na federación de asociacións de axuda mutua ou mutualidades interesadas no beneficio común.

↳ Familias reunidas en COMUNAS autoadministradas, únense en REXIÓNS que se asocian libremente en REPÚBLICAS FEDERAIS.

➤ **BAKUNIN** (1814-1876)

- Defensa da liberdade $\Rightarrow$ Dereito das persoas a actuar segundo a súa propia conciencia, rexeitando a existencia de toda construción ideal ou social (Deus, Estado, Lei) que poida coartar a liberdade individual.

- A plena liberdade require igualdade económica.
- Estado: instrumento represor da liberdade natural porque asegura o dominio da maioría por unha minoría despótica.
- Obxectivo da revolución ⇒ Abolir o Estado e instaurar a autoxestión e organización comunitaria da vida pública.
- Nova sociedade → individuos que forman libremente unha COMUNA.
- COMUNA → Garantía do dereito á instrución, ao traballo e ao libre desenvolvemento da personalidade.
- Todos teñen os mesmos dereitos e as decisións adóptanse nun réxime de democracia directa.
- **KROPOTKIN** (1841-1921)
- Comunismo libertario ou anarcocomunismo.
- Socialización dos medios de produción e traballo en comunas autosuficientes que redistribúen os bens básicos independentemente da participación dos individuos na súa produción.

4. O INTERNACIONALISMO PROLETARIO

- Toma de conciencia dos problemas comúns que afectaban ao proletariado en todas as nacións europeas ⇒ Necesidade de organizar o obrerismo europeo convocando unha reunión xeral para tratar problemas comúns.
- Década 1860 → O desenvolvemento industrial fai visibles as consecuencias negativas do sistema capitalista.
 - Publicación de obras de análise económica: *O Capital* (1867).
 - Relativa tolerancia á difusión das novas ideas entre a clase obreira.
- ➔ Aumento de organizacións de traballadores e do número de afiliados.
- 1862: Contacto entre obreiros ingleses e franceses en Londres ⇒ Convocatoria dun congreso internacional proletario.

4.1. A I INTERNACIONAL. ENFRONTAMENTO MARX-BAKUNIN

- 28/IX/1864: Reunión en Londres da AIT ou I Internacional.
- Distintas procedencias: Trade Unions británicos, proudhonianos franceses, emigrados polacos, húngaros, italianos.
 - ↳ profesións: maioría obreiros, abogados, políticos, filántropos.
 - ↳ ideoloxías: sindicalistas, socialistas, revolucionarios.
- **MARX** redacta os **ESTATUTOS** con 3 puntos clave:
 - A AIT non abolirá as asociacións nacionais e potenciará a nivel mundial a súa actividade.
 - A emancipación da clase obreira será obra dos propios traballadores.
 - Non haberá emancipación sen loita polo poder político.
- Incorporación de organizacións de oficios e sindicatos de toda Europa ⇒ 1870: Federación Rexional Española.
- Problemas polas diferentes ideoloxías dos membros e os variados obxectivos.
- Claro enfrontamento entre marxistas e anarquistas (MARX/BAKUNIN) con varios puntos de discrepancia:
 - * Concepción da Historia → Marx: as clases son as protagonistas reais da Historia.
 - Bakunin: o home como individuo é o auténtico protagonista.
 - * A revolución social estará protagonizada por:
 - Marx: obreiros industriais.
 - Bakunin: as masas campesiñas.
 - * Oposición de Bakunin á idea marxista da ditadura do proletariado e ao mantemento do Estado.
 - * Aceptación dos marxistas do xogo político participando nas eleccións e entrando nos Parlamentos //
- Desprezo dos anarquistas a calquera forma de poder, negándose tamén a formar partidos políticos.
- ↳ Triunfo das teses marxistas → Expulsión de Bakunin e os seus partidarios no Congreso da Haia (1872).
- ↳ Escisión do movemento obreiro → AIT marxista: NY (final en 1876).
- AIT anarquista (final en 1877).
- Represión dos gobernos europeos atemorizados polas insurreccións dos obreiros ao inicio da década de 1870.
- **COMUNA** de París (1871) → Despois da derrota francesa en Sedán instáurase en París unha Comuna formada por republicanos (Marx: *1ª república proletaria*).
 - O goberno de THIERS manda tropas a París e recuperan a cidade ⇒ Dura represión.
 - ↳ Declaración da AIT como ilegal por considerala responsable.
- Prohibición da AIT –anarquista– en España (1874) despois da insurrección dos obreiros en Alcoi en 1873.

4.2. A II INTERNACIONAL. FORMACIÓN DOS PARTIDOS SOCIALISTAS

- Década 1870 → Decadencia da AIT ⇒ Creación de Partidos Socialistas nacionais.
- 1875: SPD → Modelo a seguir en Europa.
- P. Socialistas:
 - Defínense como partidos de clase obreira; critican aos outros como burgueses rexeitando colaborar.
 - Obxectivo: Atraer aos traballadores para controlar as institucións políticas e lograr melloras políticas e sociais para a clase traballadora.
 - Aparece nos programas a revolución como medio para a emancipación do proletariado.
- Aumento do poder das asociacións obreiras
- Aparición dos Partidos Socialistas
- ➔ Desexo de reinstaurar a Internacional.
- 1889: París → Reunión de P. Socialistas: LIEBKNECHT, BEBEL (Alemaña), COSTA (Italia), P. IGLESIAS (España)

- Tensiones e conflictos centrados en 3 temas:

→ Loita por lograr reformas graduais sen esperar á destrución revolucionaria do sistema capitalista.

- Sen negar a loita de clases, non se busca asaltar o poder violentamente nin destruír á burguesía ⇒ Rexeita a

→ Cando o proletariado chegue ao poder pola vía democrática non socializarán indiscriminadamente os

- O Estado cos impostos e a lexislación debe elevar o nivel de vida das clases traballadoras e poñelas nas

↳ Ataque de marxistas ortodoxos (KAUTSKY)

- R.LUXEMBURGO → O socialismo aboliría os antagonismos nacionais.

- O.BAUER → O Estado afirmará ás nacións como espazos culturais diferentes e entidades autoadministradas ar o seu dereito á autodeterminación para que cada pobo forme unha comunidade política autónoma.

→ 1907: Oposición da AIT a unha guerra que parecía inminente (conflicto de intereses entre capitalistas).

- 1914: PGM → Os PS son arrastados polo patriotismo e os parlamentarios socialistas votan nos seus países a intervención na guerra. ⇒ Ruptura definitiva da solidariedade obreira internacional.

- 1923: **Internacional Obreira Socialista** ⇒ Socialistas e socialdemócratas recuperan o espírito da II AIT.